

**PROCEDENCIA:** ARQUITECTO MUNICIPAL

**DESTINO:** CONCELLERÍA DE OBRAS

**ASUNTO:** INFORME DE SUPERVISIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL- SETEMBRO DE 2023”.

En relación coa petición de informe de supervisión do documento do “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL-SETEMBRO DE 2023” e asinado con data 25/01/2024, infórmase do seguinte:

O proxecto foi redactado polo arquitecto Ramón Montero Cereijo en xaneiro de 2021 e contempla a incorporación dun aparello elevador ao edificio municipal da antiga escola unitaria de Mandiá, actualmente local social da Asociación de Veciños do barrio (DOC-42).

Con data setembro de 2023, o arquitecto redactor, Don Ramón Montero Cereijo e a petición do Concello de Ferrol, redacta un documento anexo ao proxecto (Anexo núm. I), no que se realiza unha revisión de prezos do orzamento de proxecto, dada a gran subida recente de prezos de mercado.

A requirimento dos Servizos Técnicos da Deputación da Coruña, o arquitecto redactor refundiu o proxecto inicial e o Anexo I de revisión de prezos, asinando un novo documento con data 25/01/2024 e mantendo o nome orixinal do proxecto (setembro de 2023).

**PRIMEIRO.** Examinado o documento de “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL, SETEMBRO DE 2023”, asinado con data 25/01/2024, infórmase que as obras recollidas no devandito proxecto, consisten segundo consta na memoria do proxecto en:

- Instalación dun aparello elevador accesible no edificio municipal da AA VV de Mandiá (DOC-42) para a resolver o problema actual de accesibilidade ao primeiro andar do edificio.

**SEGUNDO.** En aplicación ao artigo 233 da lei 9/2017 de Contratos do sector público contido dos proxectos e responsabilidade derivada da súa elaboración infórmase o seguinte:

*a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.*

**Cumpre.**

*b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.*

**Cumpre.**

*c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulará a súa execución, con expresión da forma que esta se levará a cabo, as obrigacións de orde técnico que correspondan ó contratista, e a maneira en que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.*

**Cumpre.**

d) *Un orzamento, integrando ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.*

**Cumpre.**

e) *Un programa de desenvolvemento dos traballos o plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e do custe.*

**Cumpre. O prazo de execución previsto é de 3 meses cun orzamento total de execución material de 53.769,33 . O orzamento de licitación con IVE é de 77.422,46 €.**

f) *As referencias de todo tipo en que se fundamentará o replanteo da obra.*

**Cumpre.**

g) *O estudio de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudio básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.*

**Cumpre.**

h) *Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal o reglamentario.*

**Cumpre.**

i) *Salvo que isto resulte incompatible coa natureza da obra, o proxecto deberá incluír un estudio xeotécnico dos terreos sobre os que ista se vaia a executar, así como os informes e estudos previos necesarios para a mellor determinación do obxecto do contrato.*

**Non procede**

k) *Cando a elaboración do proxecto fora contratada integramente pola Administración, o autor ou autores do mesmo incurrirán en responsabilidade nos termos establecidos nos artigos 310 a 312. No suposto de que a prestación se levara a cabo en colaboración coa Administración e baixo a súa supervisión, as responsabilidades limitaranse ó ámbito da colaboración.*

l) *Os proxectos deberán suxietarse ás instrucións técnicas que sexan de obrigado cumprimento.*

**TERCEIRO.** Inspeccionado o proxecto, aos efectos dos artigos 233 e 235 da lei de contratos do sector público, indico que se trata dunha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou servizo correspondente e comprende todos os elementos precisos para a súa utilización. O documento é suficiente para a execución das obras descritas, e se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación e o RD 1627/97 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

A edificación atópase situada sobre un solo clasificado como equipamento de uso docente en solo rústico común, sendo de aplicación a ordenanza 19 e o artigo 118 do PXOM. Conforme ao especificado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia e no Decreto 143/2016 de 22 de setembro, que aproba o Regulamento que a desenvolve, en solo rústico é de aplicación a Lei do solo de Galicia. O proxecto cumpre os correspondentes artigos que lle son de aplicación.

A parcela sobre a que se sitúa o proxecto atópase situada dentro da zona de servidumes aeronáuticas do aeroporto de A Coruña, de acordo ao indicado no RD 374/1996, de 23 de febreiro, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas establecidas no aeroporto de A Coruña. O proxecto conta co acordo favorable de AESA de data 14/12/2021.

En cumprimento do artigo 147.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, o Proxecto axústase á lexislación urbanística e sectorial, así como á Normativa do PXOM do Concello de Ferrol.



**CONCLUSIÓN**, emítase informe favorable de supervisión do “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL-SETEMBRO 2023”.

**CUARTO.** Infórmase que unha vez revisado o documento do “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL”, comprobouse a súa realidade xeométrica, coincidindo coa delimitación do espazo de titularidade municipal. Existindo, polo tanto dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución da obra.

O orzamento de execución material do proxecto é de 53.769,33€. O orzamento de licitación é de 77.422,46€ co IVE do 21% incluído. Prazo de execución das obras, 3 meses.

O que se informa aos efectos oportunos.

Ferrol, na data da sinatura dixital

O ARQUITECTO MUNICIPAL  
FELIPE COTOVAD MARTÍNEZ